

Resumo da Programación Didáctica

MITOLOXÍA CLÁSICA 2º BACHARELATO

Ao longo do curso o alumnado desta materia deberá poder ser quen de:

1.	Entender e explicar a cosmogonía
2.	Entender e explicar a teogonía
3.	Facer a exposición das edades da humanidade
4.	Establecer o concepto de ciclo mítico e estirpes míticas
5.	Realizar a comprensión lectora dun mito e a conceptualidade que encerra.
6.	Expor oralmente algún mito traballado nun soporte dixital e indicar o paso ó λογος.
7.	Elaborar algunha presentación sobre algunha divinidad.
8.	Recoñecer os principais deuses e coñecer os principais heroes
9.	Establecer os diferentes soportes materiais que se utilizan na actualidade para a expresión dalgún mito.
10.	Recrear un mito, cun ciclo, unha xenealoxía e cuns protagonistas adaptados a actualidade.

A avaliación vai realizarse tendo en conta o traballo desenvolvido polo alumnado en torno a tres eixes fundamentais:

- Traballo autónomo (33,3%)
- Aprendizaxe cooperativa (33,3%)
- Participación na aula (33,3%)

As tres avaliacións que temos sinaladas neste centro van ter unha ponderación cada unha delas e vai ser continua e progresiva, pois a mellora no facer do alumno é o que máis debe e pode ser considerado: 1ª avaliación 20%, 2ª avaliación 30%, 3ª avaliación 50%

En caso de ter que utilizar unha ensinanza mixta por mor da situación de pandemia polo Covid-19 ou calquera outra que poda presentarse, a participación na aula será substituída polo traballo autónomo, de aprendizaxe inversa.